



Prezadas familias:

A Dirección e o Departamento de Orientación do IES do Milladoiro infórmanvos de que o **alumnado de 4º da ESO** participará en dúas actividades impartidas pola Garda Civil dentro do “Plan Director para a Convivencia e Mellora da Seguridade nos Centros Educativos e a súa Contorna”. As actividades serán:

- a) Acoso Escolar / Internet e Redes Sociais, o luns 01 de febreiro.
- b) Drogas e alcol o venres 5 de febreiro.

Estas actividades teñen por obxectivo contribuír a formar ao alumnado no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais, e nos valores de dignidade e igualdade entre homes e mulleres, así como conciencialos sobre os riscos asociados ao consumo de drogas e a necesidade de erradicar as condutas violentas do ámbito escolar, buscando o desenvolvemento de condutas pro - activas no rexeitamento e denuncia destes comportamentos e informarlles dos recursos de que dispón a sociedade para axudarlles.

A información e links de interese estarán á vosa disposición na páxina web do centro na pestana “TITORÍAS E PAIS”

Sen máis que comunicarvos polo momento, recibide un cordial saúdo.

O Milladoiro, 29 de xaneiro de 2016.

O director,

Asdo.: Víctor M. Santidrián Arias.

RECIBÍN

D/Dna
alumno/a,

, pai/nai /titor/a legal do
de 4º da ESO.

Asdo: